

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

*ORDE do 20 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para realizar o Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se efectúa a súa convocatoria plurianual (2023 a 2026) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento TR341X).*

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, do emprego e da formación e, a través do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, este departamento asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Correspóndelle pois, a esta consellería, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales están, para o exercicio económico 2023, as medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade das persoas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral por medio da adquisición da experiencia profesional, formación e orientación, fomentando a igualdade de oportunidades, tal e como establece o eixe 1 do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 a través do seu obxectivo estratéxico 1.1.1.

Na mesma liña, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024 establece a través da medida A.2.8 favorecer a incorporación laboral de persoas con discapacidade a través de programas de formación dual en centros especiais de emprego.

Do mesmo xeito, a Estratexia de economía social de Galicia recolle como actuacións prioritarias o reforzo dos programas de creación de emprego, con especial atención á integración de colectivos con especiais dificultades, como as persoas con capacidades diferentes e as que están en situación ou risco de exclusión, así como o apoio ás entidades que traballan para a integración laboral destes colectivos.

A formación dual supón grandes vantaxes respecto do método tradicional de formación para o emprego e, especialmente, no colectivo de persoas con discapacidade intelectual,



tanto para a inserción laboral como para a adquisición de competencias clave e obtención das certificacións de profesionalidade. A formación dual permite unha metodoloxía de aprendizaxe adaptada e flexible, baseada nun sistema innovador que mellora a calidade da aprendizaxe, xa que se sustenta en aspectos teóricos e prácticos da profesión. Así, a persoa fórmase nun ambiente real, o cal fai que aumente a predisposición de aprender de maneira natural. A practicidade do método reforza a motivación, a responsabilidade, o hábito do esforzo e a tolerancia á frustración, e tamén permite unha avaliación continua e adaptada á persoa, e así favorece a integración sociolaboral, cuestión que adquire especialmente importancia no ámbito da discapacidade.

Dentro do colectivo de persoas con discapacidade, aquelas que teñen unha discapacidade de tipo intelectual, incluídos os trastornos de desenvolvemento, presentan especiais dificultades, tanto para acadar unha formación mínima necesaria para acceder a un posto de traballo como para a súa integración no mercado de traballo.

Con esta finalidade deseñouse un programa de axudas de ámbito autonómico orientado a aqueles centros especiais de emprego que, ademais de contar cunha mínima experiencia e capacidade técnica necesaria para desenvolver o proxecto, respondan ao compromiso pleno de integración laboral de persoas con discapacidade, e que se obrigarán ao reinvestimento íntegro dos beneficios no propio centro ou noutros coa mesma finalidade.

As axudas ao abeiro do Programa de formación dual que se regulan nesta orde, e que se concederán en réxime de concorrencia competitiva, teñen como obxectivo impulsar a formación dual dirixida a persoas con discapacidade intelectual coa finalidade de obter as certificacións de profesionalidade. A formación levarase a cabo de maneira presencial mediante itinerarios formativos adaptados e estables de tres anos de duración, e a Comunidade Autónoma de Galicia complementará o financiamento establecido polo Estado do custo da formación asociada ao contrato para a formación en alternancia. Así mesmo, o programa financiará parcialmente os custos laborais das persoas alumnas-traballadoras participantes e os do persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.

Consecuentemente con todo o anterior, unha vez consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo dos informes da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e autorizado polo Consello da Xunta de Galicia o compromiso plurianual do gasto e a exención da obriga de constituír garantías para os pagamentos anticipados, así como a



modificación das porcentaxes máximas destes, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria plurianual de subvencións a centros especiais de emprego sen ánimo de lucro da Comunidade Autónoma de Galicia para realizar proxectos de formación dual baseados nun réxime de alternancia entre o emprego e a formación recibida no marco do Sistema de formación profesional para o emprego, coa finalidade de capacitar persoas con discapacidade intelectual para mellorar a súa inserción profesional, a través de proxectos de formación adaptados, que alternen entre o emprego e a formación e que habiliten a obtención de certificados de profesionalidade (código de procedemento TR341X), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

#### Artigo 2. *Normativa aplicable*

As solicitudes e a súa tramitación e resolución axustaranse ao disposto nesta orde e ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; e na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. No que resulte de aplicación, someteranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As axudas que regula esta orde rexeranse tamén polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo; polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido polo que se aproba a Lei do Es-



tatuto dos traballadores; así como polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación en alternancia e se establecen as bases da formación profesional dual, e a súa normativa de desenvolvemento; pola Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, que desenvolve a dita lei.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Orde ESS/2518/2013, do 26 de decembro, pola que se regulan os aspectos formativos do contrato para a formación e a aprendizaxe, en desenvolvemento do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, modificada pola Orde ESS/41/2015, do 12 de xaneiro, que cuantifica o custo/hora da formación presencial asociada ao contrato para a formación. Igualmente, someterase ao estipulado no Real decreto 62/2022, do 25 de xaneiro, en canto aos requisitos exixibles para impartir ofertas de formación profesional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, así como oferta de formación profesional en centros do sistema educativo e de formación profesional para o emprego.

### Artigo 3. *Principios de xestión*

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

### Artigo 4. *Financiamento*

1. O programa regulado nesta orde está financiado a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. A concesión das subvencións previstas nos programas desta orde estará suxeita á existencia de crédito nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e realizarase con cargo ás aplicacións da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

3. Estes importes poderán ser modificados ou incrementados con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia ou da Administración do Estado como consecuencia da asignación



ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, todo iso de acordo co artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. De se produciren remanentes nunha aplicación orzamentaria, poderanse reasignar as contías sobrantes na outra. A reasignación levarase a cabo, logo das modificacións orzamentarias pertinentes, sen necesidade de facer unha nova publicación do importe dos créditos.

#### Artigo 5. *Definicións*

Para os efectos das axudas previstas nesta orde, entenderase por:

a) Formación dual: o conxunto de accións ou iniciativas formativas mixtas de emprego e formación que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia da actividade laboral nun centro especial de emprego coa actividade formativa recibida no marco do Sistema de formación profesional para o emprego. A actividade formativa inherente aos contratos para a formación en alternancia ten a consideración de formación dual.

b) Contratos para a formación en alternancia: contratos concertados con persoas traballadoras con discapacidade desempregadas e maiores de 16 anos que carezan dunha cualificación profesional obtida e recoñecida polo Sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou ocupación obxecto do contrato.

c) Centros especiais de emprego sen ánimo de lucro: os que están así cualificados polo Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia e a súa organización e funcionamento.

d) Persoal de apoio e acompañamento: persoal enmarcado dentro dos servizos de axuste persoal e social dos CEE que acompaña as persoas con discapacidade intelectual obxecto dos proxectos de formación dual, co fin de axudalas a superar as barreiras, obstáculos ou dificultades que teñan no posto de traballo, durante a xornada efectiva de traballo e a xornada formativa.



O apoio e acompañamento terá lugar tanto no proceso de incorporación ao posto de traballo como na súa permanencia, adaptación e progresión.

e) Persoa con discapacidade intelectual: aquela persoa que teña recoñecida pola Administración competente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que estea cualificada de tipo intelectual (incluído o trastorno do desenvolvemento).

f) Persoa desempregada: aquela que na data da súa alta na Seguridade Social figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

g) Concello rural: aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZDP), segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística ([https://www.ige.gal/web/mostrar\\_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl](https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl)). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.

#### Artigo 6. *Beneficiarias das subvencións*

1. Poden beneficiarse das subvencións recollidas nestas bases reguladoras as persoas físicas ou xurídicas que na data de presentación da solicitude figuren inscritas como centros especiais de emprego no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia e a súa organización e funcionamento, e que na data de presentación da solicitude cumpran as seguintes condicións:

– Estaren cualificados sen ánimo de lucro, de conformidade co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.

– Contaren cun mínimo de dez traballadores, e deles o 30 %, como mínimo, debe ter discapacidade intelectual.

– Ter solicitado ante a xefatura territorial correspondente o inicio da actividade formativa para a impartición da formación profesional dual, mediante a contratación por conta allea de persoas con discapacidade intelectual desempregadas, na modalidade de contrato para a formación en alternancia.



2. Non poderán obter a condición de beneficiarios:

a) Os CEE en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Os CEE excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o disposto nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

c) Os CEE que non cumpran coa porcentaxe mínima do 70 % de persoas con discapacidade contratadas respecto do total do cadro de persoal. Nesta porcentaxe non se inclúe o persoal sen discapacidade dedicado á prestación de servizos de axuste persoal e social.

d) Os CEE que, carecendo de personalidade xurídica propia, non teñan unha xestión diferenciada da súa entidade titular. Para os efectos de acreditar unha xestión diferenciada, deberán levar unha contabilidade separada da dita entidade e ter unha conta de cotización da Seguridade Social propia do CEE.

e) Os CEE que non estean ao día coas obrigas rexistras, segundo o establecido no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia e a súa organización e funcionamento.

f) As empresas en crise e as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase a axuda concedida polo Estado membro ilegal e incompatible co mercado exterior, segundo o indicado nas letras a) e c) do artigo 1.4 do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado.

3. A acreditación de que cumpren as condicións sinaladas nas letras a), b), c), d) e f) do punto 2 deste artigo para poderen obter a condición de beneficiarias das axudas realizárase mediante declaracións responsables que se inclúen no anexo de solicitude. O órgano xestor poderá comprobar en calquera momento a veracidade das ditas declaracións.

4. As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde deberán garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio *do no*



*significant harm*-DNSH) e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (*Council Implementing Decision*-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

As solicitudes deberán acompañarse dunha declaración responsable de adecuación ao principio de «non causar prexuízo significativo», no sentido establecido no número 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

En todo caso, as entidades beneficiarias preverán mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio *do no significant harm*-DNSH) e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do cal deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

#### Artigo 7. *Persoas destinatarias finais*

1. Son persoas destinatarias finais destas axudas aquelas persoas desempregadas que teñan recoñecida unha discapacidade intelectual e que non posúan a cualificación profesional requirida, e recoñecida polo Sistema de formación profesional para o emprego ou polo sistema educativo para concertar un contrato formativo para a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos para o posto de traballo ou para o emprego obxecto do contrato.

Estas persoas deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento do inicio da actividade.

2. As persoas traballadoras con discapacidade a que se dirixe esta orde non deben ocupar postos que quedasen vacantes como consecuencia de despedimentos declarados ou recoñecidos improcedentes.

3. As persoas destinatarias finais desta subvención non poderán ser usuarias dunha praza pública de servizo ocupacional a xornada completa.

4. As condicións do posto de traballo de cada unha das persoas con discapacidade, destinatarias finais da subvención, deben adaptarse ás condicións individuais de cada per-





soa, de xeito que esta poida desenvolver as tarefas básicas do seu posto de traballo sen menoscabo das súas capacidades.

#### Artigo 8. *Custos subvencionables*

O importe da subvención financiará os seguintes conceptos subvencionables:

- a) Axuda ao custo salarial das persoas alumnas-traballadoras.
- b) Axuda para o persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.
- c) Axuda para a actividade formativa.

#### Artigo 9. *Axuda ao custo salarial das persoas alumnas-traballadoras*

1. Esta axuda consiste no financiamento parcial do custo salarial das persoas alumnas-traballadoras con discapacidade intelectual que estean de alta na Seguridade Social mediante un contrato de formación en alternancia.

É subvencionable o período de vacacións anuais retribuído e cotizado.

2. Cando a persoa traballadora estea en situación de incapacidade temporal, o importe da subvención salarial referirase exclusivamente aos días en que o pagamento lle corresponda integramente ao centro especial de emprego, de conformidade co que dispoña a normativa da Seguridade Social ou o convenio colectivo de aplicación.

3. Finánciase o 75 % do salario mínimo interprofesional vixente respecto da xornada de traballo efectiva (incluídas dúas pagas extras ao ano). Considérase xornada de traballo efectiva o 50 % da xornada máxima aplicable segundo o convenio colectivo de aplicación ou, na falta deste, da xornada máxima legal.

O cálculo da contía realizarase co importe do SMI establecido polo Consello de Ministros mediante o Real decreto 99/2023, do 14 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional mensual para o ano 2023.

#### Artigo 10. *Axuda ao persoal de apoio e acompañamento*

1. A axuda consiste no financiamento dos custos salariais das persoas contratadas para o apoio e o acompañamento das persoas con discapacidade no seu posto de traballo.



2. As persoas de apoio e acompañamento deberán ser persoas profesionais técnicas de grao medio ou superior ou con experiencia mínima dun ano adecuada ao desempeño profesional da persoa alumna traballadora.

3. A subvención calcúlase en función do número de persoas con discapacidade con contrato de formación en alternancia atendidas, nunha contía de 2.400 € anuais por cada persoa alumna-traballadora efectivamente atendida.

4. En calquera caso, a contía indicada no punto anterior nunca poderá superar os custos salariais (incluídos os da Seguridade Social) que lle corresponden á persoa de apoio en función da xornada que impute á atención das persoas con discapacidade.

#### Artigo 11. *Axudas para a actividade formativa*

1. Financiarase a actividade formativa ata o máximo do 50 % da xornada laboral estipulada por convenio colectivo.

2. Estas axudas complementan o financiamento establecido polo Estado sobre o custo da formación asociada ás persoas alumnas-traballadoras coas cales se concerte o contrato para a formación en alternancia. En consecuencia, subvencionarase a porcentaxe da xornada laboral destinada á formación non susceptible de financiamento polo Servizo Público de Emprego Estatal mediante a Orde ESS/2518/2013, do 26 de decembro, modificada pola Orde ESS/41/2015, do 12 de xaneiro, ata as porcentaxes máximas previstas, é dicir, un 25 % da xornada o primeiro ano do contrato e o 35 % no segundo e terceiro ano.

No caso de modificación normativa que afecte as porcentaxes asumidas polo Estado e descritas no parágrafo anterior, sempre que exista crédito adecuado e suficiente e logo de solicitude da entidade beneficiaria, poderase modificar a resolución de concesión nos termos establecidos no artigo 22.4.

3. O importe desta axuda será o resultante do produto do módulo económico de 8 euros por hora formativa por alumno/a-traballador/a, segundo o que establece a Orde ESS/2518/2013, do 26 de decembro, polas horas de formación previstas no proxecto.

#### Artigo 12. *Solicitudes*

1. Presentarase unha solicitude por cada proxecto de formación dual, que se formalizará obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).



Cada centro especial de emprego poderá presentar un máximo de dous proxectos, que deberán orientarse á obtención de diferentes certificados de profesionalidade. De presentarse máis de dous, os presentados en terceiro e sucesivos lugares serán inadmitidos.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. As solicitudes de subvención deberán presentarse xunto coa documentación complementaria indicada no artigo seguinte e dirixirse ao órgano competente para resolver.

4. Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

### Artigo 13. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Poder cumprido da persoa representante para actuar en nome da entidade.

b) Certificación do cadro de persoal segundo o modelo do anexo II, ordenada alfabeticamente por apelidos, referida ao mes en que se solicita a subvención.

c) Proxecto de formación dual de acordo co modelo que consta na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na ligazón <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego>, conforme os contidos establecidos no artigo 35.

d) Currículo e documentos que acrediten a experiencia do persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade, de ser o caso.

e) Anexo IV: autorización para a comprobación de datos asinados das persoas traballadoras obxecto de subvención, de ser o caso.

f) Certificación de discapacidade, no caso de que non estea expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.



g) Acordos con empresas privadas do sector que mostren interese na execución do proxecto, de ser o caso.

h) No caso de que se subcontrate a formación:

– Contrato ou convenio de colaboración de acordo cos contidos establecidos no artigo 24.2 destas bases reguladoras ou, de ser o caso, preacordo ou documento *pro forma*, cos ditos contidos.

– No caso de que a subcontratación sexa con empresas vinculadas, deberase presentar xustificación de que a contratación se produciu segundo as condicións normais de mercado.

i) Anexo VII: declaración responsable sobre o cumprimento do principio de non prexuízo significativo aos seis obxectivos ambientais (DNSH) no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa presentara anteriormente a persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de ma-



neira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. No caso de que algún dos documentos que vaia presentar de forma electrónica a persoa solicitante ou representante supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaños máximos admitidos da documentación complementaria para cada procedemento.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código do rexistro.

#### Artigo 14. *Emenda da solicitude*

A unidade administrativa encargada da instrución do expediente comprobará se a solicitude ou documentación presentada reúnen os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará que a persoa ou entidade interesada desiste da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

#### Artigo 15. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar os procedementos regulados nesta orde consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se apoña a súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.



d) Certificación de que a entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria.

e) Certificación de que a entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.

f) Certificación de que a entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Consulta de concesións de subvencións e axudas.

h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

i) Informe de contas de cotización asociadas a un NIF.

j) DNI ou NIE das persoas traballadoras obxecto desta subvención.

k) Informe da vida laboral das persoas traballadoras obxecto desta subvención.

l) Contratos de traballo das persoas traballadoras obxecto desta subvención.

m) Certificación acreditativa da discapacidade das persoas alumnas-traballadoras obxecto desta subvención cando esta fose expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Inscripción como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego relativo ás persoas alumnas-traballadoras obxecto desta subvención.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I ou no anexo IV, segundo corresponda, e achegar os devanditos documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

CVE-DOG: saplgsx6-bjc0-yhn6-3dir5-ixvuox8yggz0



4. A comprobación será realizada polo órgano competente en cada unha das fases de concesión, xestión, control e verificación das axudas.

#### Artigo 16. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 17. *Instrución e tramitación do procedemento*

1. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Economía Social, que realizará as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. Para os efectos establecidos no punto anterior, o órgano instrutor:

a) Deberá incorporar ao expediente a información rexistral da entidade solicitante segundo a documentación que consta na Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, así como as certificacións indicadas no artigo 15.1 desta orde.

b) Comprobará mediante o programa informático SIFO que está solicitado o inicio da actividade formativa e presentados os anexos aos contratos para a formación en alternancia.

c) Poderá solicitar informe da Consellería de Política Social e Xuventude para comprobar que as persoas destinatarias finais desta subvención teñen discapacidade intelectual cando no seu certificado de discapacidade non conste esta circunstancia.

3. Todos os tramites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación dos procedementos regulados nesta orde deberán ser realizados electrónica-



mente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

7. As notificacións entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 18. *Procedemento de concesión e composición da Comisión de Avaliación*

1. O procedemento de concesión das subvencións previstas nesta orde será en réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





2. A Comisión de Avaliación estará composta:

- Pola persoa titular da Subdirección Xeral de Economía Social, que a presidirá.
- Pola persoa titular do Servizo de Fomento do Emprego en Economía Social.

– Por dúas persoas funcionarias designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, unha das cales actuará como secretaria, con voz pero sen voto. Se no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes algunha das persoas que a compoñen non pode asistir, será substituída pola persoa que sexa designada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos sempre que asistan a ela a persoa titular da presidencia, ou persoa en quen delegue, unha vogal e a persoa que actúe como secretario/a.

3. Unha vez revisadas as solicitudes presentadas, e comprobado que todas cumpren os requisitos exixidos nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidades beneficiarias, a Comisión de Avaliación valoraráas de acordo cos criterios que se establecen no artigo 19 desta orde e redactará un informe en que constará a relación de todos os proxectos presentados por orde de puntuación. O dito informe servirá de base á proposta de concesión ou de denegación da subvención.

Para efectuar a valoración dos proxectos, a dita comisión poderá solicitar todas as aclaracións que considere oportunas.

4. O órgano instrutor elevará o informe da Comisión de Avaliación, xunto coa proposta de concesión, ao órgano competente para resolver.

5. O órgano concedente asignará o crédito dispoñible na convocatoria por orde de prelación: comezará polas solicitudes correspondentes aos proxectos que obteñan a puntuación máis alta ata o esgotamento do crédito dispoñible.

6. No caso de que queden proxectos sen conceder por insuficiencia de crédito, o órgano instrutor poderá dar audiencia ás entidades que presentaron estes proxectos, por orde de prelación, co obxecto de que minoren o número de persoas participantes (sempre que se respecte o mínimo de 6) e que reaxusten o proxecto ao límite de crédito dispoñible.



7. No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e/ou de ampliación do crédito, o órgano concedente podería acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención aos proxectos seguintes na orde de puntuación, e ata o límite do crédito dispoñible.

Artigo 19. *Criterios de valoración*

Os proxectos de formación dual presentados avaliaranse, ata un máximo de 100 puntos, segundo os seguintes criterios:

1. Criterios referidos á entidade solicitante, ata 80 puntos:

a) Pola proporción de persoas con discapacidade intelectual respecto do total do cadro de persoal, ata 40 puntos:

– Entre o 31 % e o 40 %: 10 puntos.

– Entre o 41 % e o 50 %: 20 puntos.

– Entre o 51 % o 70 %: 30 puntos.

– Máis de 71 %: 40 puntos.

b) Se o centro de traballo das persoas alumnas traballadoras está situado nun concello rural segundo a definición indicada no artigo 5.g) destas bases reguladoras: 10 puntos.

c) Pola proporción de homes e mulleres que traballan na entidade, incluído o persoal de dirección, sempre que acade como mínimo un 40 % de mulleres, ata 5 puntos. A puntuación máxima obterase cando a proporción de mulleres sexa igual ou superior ao 50 %.

d) Pola taxa de estabilidade do cadro de persoal, é dicir, pola porcentaxe de persoas traballadoras fixas sempre que esta sexa superior ao 65 %, ata 5 puntos. A puntuación máxima obterase cunha taxa de estabilidade superior ao 80 %.

e) Polas actuacións previstas para a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral, ata 5 puntos.

f) A capacidade técnica ou a experiencia acreditada do centro especial de emprego na contratación de persoas do perfil do colectivo albo, do proxecto nos últimos 5 anos: 2 puntos por ano de experiencia, ata o máximo de 10 puntos.



g) Experiencia previa nos últimos 6 anos na implementación dun programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual segundo as características establecidas nestas bases reguladoras, 5 puntos.

2. Criterios referidos ao proxecto de formación dual, ata 20 puntos:

a) Adecuación do proxecto que se vai desenvolver á finalidade de mellorar a inserción laboral do colectivo participante, ata 15 puntos:

1º. Presenta acordos con empresas privadas do sector que mostran interese na execución do proxecto (1 punto por cada acordo presentado, ata un máximo de 10).

2º. Descrición de actuacións concretas para conseguir a inserción laboral posterior (ata 5 puntos).

b) Calidade do proxecto, ata 5 puntos. Valorarase a inclusión de todos os elementos exixidos nesta orde, o grao de detalle na descrición das distintas epígrafes, a claridade na exposición e a coherencia interna.

A obtención dun 0 nesta epígrafe dará lugar á denegación da axuda.

Só serán subvencionables as solicitudes que acaden un mínimo de 25 puntos.

#### Artigo 20. *Resolución e recursos*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes das subvencións presentadas ao abeiro desta orde correspóndelle, por delegación da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

2. As resolucións deberán ser sempre motivadas e nelas acordarase o outorgamento da axuda ou ben a denegación, a desistencia ou a renuncia ao dereito, e notificaránselles ás persoas interesadas.

3. A eficacia da resolución concesoria quedará supeditada a que as entidades beneficiarias teñan autorización de inicio da actividade e formalicen os contratos para a formación en alternancia.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, que se computarán desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de solicitudes.



Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Con anterioridade á interposición do dito recurso, poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

*Artigo 21. Documentación que deben presentar os CEE beneficiarios*

1. Unha vez notificada a resolución de concesión, e que fose autorizada a actividade formativa e fosen comunicados nos modelos regulamentarios ao Servizo Público de Emprego de Galicia os contratos de formación en alternancia, no prazo de 10 días desde a formalización dos ditos contratos deberán presentar ante o órgano instrutor o anexo III (que incluíra a solicitude de anticipo da primeira anualidade, de ser o caso), xunto coa seguinte documentación:

a) Copia da póliza do seguro de accidentes e de responsabilidade civil, subscrita coas condicións indicadas no artigo 43 desta orde, que cubra todas as persoas alumnas-traballadoras durante todo o período subvencionable.

b) Contrato ou convenio subscrito coa entidade que impartirá a actividade formativa asociada ao contrato de formación en alternancia, segundo o indicado no artigo 24 destas bases reguladoras, no caso de subcontratación da actividade formativa, cando non se presentase coa solicitude.

c) Certificación de discapacidade da persoa con contrato de formación en alternancia, no caso de que non estea expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Currículo e documentos que acrediten a experiencia do persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.

e) Anexo IV: autorización para a comprobación de datos das persoas traballadoras obxecto de subvención, no caso de que non se presentase con anterioridade.



f) Motivación da ausencia de equilibrio nas contratacións entre homes e mulleres, de ser o caso.

g) Renuncia da persoa alumna-traballadora á praza no centro ocupacional da Consellería de Política Social e Xuventude que teña asignada a xornada completa.

2. De non presentar en prazo a documentación indicada no punto anterior, entenderase que o CEE beneficiario renuncia á subvención concedida.

#### Artigo 22. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

2. A entidade beneficiaria pode solicitar, con posterioridade á resolución de concesión e previamente á finalización do prazo máximo de execución, a modificación do contido da resolución por razón da concurrencia de circunstancias novas e imprevisibles que xustifiquen a alteración das condicións de execución da actividade subvencionada. Nestes casos o órgano concedente pode autorizar a dita alteración mediante a modificación da resolución de concesión, sempre que non implique un incremento da contía da subvención concedida inicialmente, nin teña carácter esencial, nin altere substancialmente a finalidade pola cal se concedeu, e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

3. No caso das axudas ao custo salarial das persoas alumnas-traballadoras obxecto do contrato para a formación en alternancia, cando o Consello de Ministros aprobe un incremento do SMI superior ao incremento estimado no artigo 9.3, sempre que exista crédito adecuado e suficiente e a entidade beneficiaria así o solicite, poderá modificarse a resolución inicial mediante resolucións complementarias que asuman o financiamento que supón o incremento do SMI.

4. De se minoraren as porcentaxes de financiamento da actividade formativa asumidas pola Administración do Estado conforme a Orde ESS/2518/2013, sempre que exista crédito adecuado e suficiente e a entidade beneficiaria así o solicite, poderá modificarse a resolución inicial mediante resolucións complementarias.

5. Procederá, así mesmo, ditar resolucións revogatorias respecto das seguintes anualidades cando se aprobe un incremento inferior ao SMI estimado no artigo 9.3 ou cando se



produza unha diminución do número de contratos para a formación en alternancia e non proceda a substitución de persoas traballadoras.

O mesmo caso sucederá de producirse a baixa da persoa de apoio ou de incrementarse as porcentaxes que financia o Estado respecto da actividade formativa.

### Artigo 23. *Subcontratación da acción formativa*

1. Poderase subcontratar ata o 100 % do custo da actividade formativa subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

2. Segundo o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese por subcontratación cando a beneficiaria da subvención concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

3. As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

Para efectos do previsto no punto anterior, as beneficiarias serán responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiras persoas se respecten os límites que se establezan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía de gastos subvencionables, e as contratistas estarán suxeitas ao deber de colaboración.

4. Segundo prevé o artigo 45 da devandita lei, as terceiras persoas relacionadas co obxecto da subvención ou coa súa xustificación estarán obrigadas a prestarlles colaboración e facilitarles canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro, para cuxo fin terán as seguintes facultades:

a) O libre acceso á documentación obxecto de comprobación, incluídos os programas e arquivos en soportes informáticos.

b) O libre acceso aos locais de negocio e demais establecementos ou lugares en que se desenvolva a actividade subvencionada ou se permita verificar a realidade e regularidade das operacións financiadas con cargo á subvención.



c) A obtención de copia ou a retención das facturas, dos documentos equivalentes ou substitutivos e de calquera outro documento relativo ás operacións en que se deduzan indicios da incorrecta obtención, emprego ou destino da subvención.

d) O libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde se poida efectuar o cobramento das subvencións ou con cargo ás cales se poidan realizar as disposicións dos fondos.

A negativa ao cumprimento desta obriga considerarase resistencia, escusa, obstrución ou negativa para os efectos previstos no artigo 33 da devandita Lei de subvencións, é dicir, constitúe causa de reintegro, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, puideren corresponder.

5. En ningún caso poderá concertarse a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursoas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta lei.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarias ou asesoras en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a autorización previa do órgano concedente. A autorización enténdese obtida co acto de resolución de concesión das axudas.

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reuniren os requisitos ou non alcanzaren a valoración suficiente.

6. En referencia á letra d) do punto anterior, considéranse persoas ou entidades vinculadas ás persoas beneficiarias as que incorran nos supostos definidos no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia.



**Artigo 24. Formalización da subcontratación**

1. A subcontratación da actividade formativa deberá formalizarse por escrito, mediante contrato, convenio ou acto de validez xurídica similar, entre a entidade beneficiaria da subvención e o centro subcontratado.

2. O documento que formalice a subcontratación ten que incluír, como mínimo, os conceptos seguintes:

a) Identificación das partes (razón social, NIF, cargo, nome, domicilio social e tipo de empresa).

b) Obxecto do convenio/contrato.

c) Actividade que se subcontrata: partidas contratadas e custo ou orzamento previsto.

d) Contraprestación (contía, forma de executar o pagamento e xustificación do servizo prestado).

e) Explicación do valor engadido que achega a subcontratación ao proxecto ou da imposibilidade para levar a cabo a actividade de formación. Enténdese acreditada a imposibilidade cando o CEE non estea acreditado para impartir a especialidade formativa no Rexistro de Centros e Entidades de Formación.

f) Vixencia da relación contractual, condicionada ás datas establecidas na resolución de concesión da subvención.

g) Causas de extinción da relación contractual.

h) Sinatura das partes.

3. Ademais dos conceptos indicados no punto anterior, o convenio ou contrato conterá as seguintes declaracións:

a) Declaración de que a entidade ou centro subcontratado se compromete:

1º. A que o persoal docente subcontratado cumpra os requisitos que establece a normativa da especialidade e homologación.

2º. A facilitarlle á beneficiaria a información sobre alumnos, docentes, accións formativas, indicadores e xustificación económica da acción formativa, así como calquera outra





que lle sexa requirida á entidade beneficiaria pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

Concretamente, facilitará: nome, apelidos e DNI de alumnos/as e docentes e soldo bruto, Seguridade Social a cargo da empresa, horas de impartición ou preparación e custo da impartición ou preparación.

b) Declaración de que o centro especial de emprego:

1º. Non concertará a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con ningún centro que estea nos supostos que establece o artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º. Ten, ou non ten, co centro subcontratado algún vínculo dos previstos no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que si teña vinculación, declara que a contratación se realiza de acordo coas condicións normais de mercado e que o importe subvencionable non excederá o custo en que se incorreu para a entidade vinculada.

#### Artigo 25. *Gastos subvencionables*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

2. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

3. Considerarase gasto realizado o que corresponda a actuacións realizadas dentro do período subvencionable e que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

4. Só se admitirán como documentación xustificativa do pagamento dos gastos subvencionables os documentos bancarios en que consten:

– O número de conta e a titularidade das persoas receptoras dos pagamentos e das entidades emisoras (estas últimas coincidirán coas beneficiarias das axudas).

– O importe do pagamento (impostos incluídos) e o concepto.



Os mesmos datos deberán constar no caso de xustificantes bancarios emitidos a través da internet.

Os datos dos xustificantes bancarios de pagamento deberán coincidir exactamente cos das nóminas e dos documentos da Seguridade Social (RNT e RLC). Se o importe reflectido no documento bancario non coincide por existiren varios pagamentos agrupados, deberá presentarse unha desagregación onde poidan identificarse os pagamentos en cuestión.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

#### Artigo 26. *Xustificación da axuda concedida*

1. A documentación xustificativa da axuda presentarse para cada anualidade tendo en conta o sinalado no artigo 9, nos prazos fixados na convocatoria ou, se é o caso, na resolución de concesión, e cumprindo co recollido nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen a ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá a persoa ou entidade beneficiaria para que, no prazo improrrogable de dez (10) días, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

3. A actividade formativa, de conformidade coa Orde ESS/2518/2013, xustificarse mediante o sistema de módulos e debe incluír as listaxes de asistencia das persoas alumnas-traballadoras e as actas de avaliación asinadas polo centro formativo (profesorado e responsable do centro). Esta información obteraa o órgano xestor das axudas mediante o programa informático SIFO para o seguimento das actividades formativas dirixidas a obter certificacións de profesionalidade.

4. A unidade administrativa responsable da instrución analizará a documentación xustificativa acreditativa da realización da actividade obxecto da subvención e emitirá unha proposta de pagamento, que se elevará ao órgano competente para resolver, que será tamén o órgano competente para ordenar o pagamento.



**Artigo 27. Documentación xustificativa**

Presentarase para cada anualidade a seguinte documentación xustificativa:

1. Anexo V: xustificación da axuda concedida, que incluirá:

a) A solicitude de anticipo para a seguinte anualidade, se é o caso.

b) A solicitude de modificación da resolución inicial, de producirse algunha das circunstancias sinaladas no artigo 22. Indicarase a circunstancia producida.

c) O compromiso de que o CEE continuará coas actuacións do proxecto de formación dual durante a seguinte anualidade nas mesmas condicións.

d) Declaración comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

2. Cálculo da contía da subvención, segundo o modelo publicado na páxina <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego>, que comprenderá tres aspectos:

a) A relación das persoas traballadoras con discapacidade que participan no proxecto de formación dual, con indicación das variacións, se as houberse, respecto da solicitude inicial ou da anualidade anterior xustificada, segundo sexa o caso. Indicación expresa no caso de que se minore o número de contratos e non proceda a substitución segundo o indicado no artigo 40.2.

b) Relación detallada por mensualidades dos gastos relativos aos custos salariais e da Seguridade Social do persoal de apoio.

No caso de calquera das letras anteriores, detallaranse os períodos de baixa (por IT, maternidade, paternidade...), que deberán descontarse das contías concedidas.

c) Declaración responsable do centro especial de emprego que conteña o número de horas formativas levadas a cabo con cada persoa traballadora contratada, de acordo co contido de horas previstas no acordo formativo do contrato.



### 3. Documentación xustificativa xeral:

a) Documentación que xustifique a existencia dunha contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida e dunha contabilidade diferenciada da entidade titular, no caso de que o CEE non teña personalidade xurídica propia.

b) Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas de difusión a que se refire o artigo 29.1.h) desta orde (colocación de cartel informativo).

c) Anexo VI: información ás persoas traballadoras acerca da subvención do seu contrato.

d) Anexo IV: autorización para a comprobación de datos das persoas traballadoras obxecto de subvención, asinado polas novas persoas contratadas, de ser o caso.

e) Relación nominal das persoas traballadoras incluídas na cotización á Seguridade Social (RNT), así como todas as variacións de datos á Seguridade Social e recibo de liquidación de cotizacións (RLC), das mensualidades a que se refire a anualidade que se xustifica.

f) Ademais, unicamente na xustificación final, deberase achegar unha breve memoria descritiva do proxecto realizado, con indicación das actividades levadas a cabo, dos resultados obtidos e das dificultades atopadas para a súa execución.

### 4. Documentación xustificativa específica da axuda ao custo salarial das persoas con discapacidade.

a) No caso de existiren novas persoas contratadas respecto da última póliza presentada, deberá presentar un anexo á póliza de seguros en que conste a cobertura das novas persoas traballadoras.

b) Recibos de salario e documentos de transferencia bancaria que xustifiquen o pagamento de todas as persoas con discapacidade obxecto de subvención.

c) Certificación de discapacidade das novas contratacións para a formación en alternancia, no caso de que non estea expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.



5. Documentación xustificativa específica da axuda ao persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade:

a) No caso de existiren novas persoas contratadas respecto da anualidade anterior, currículo da nova persoa de apoio.

b) Certificación asinada pola persoa responsable do centro especial de emprego, e do persoal de apoio, da imputación da súa xornada á realización de apoio e acompañamento das persoas con discapacidade.

c) Recibos de salario e documentos de transferencia bancaria que xustifiquen o pagamento das mensualidades.

#### Artigo 28. *Pagamento da axuda concedida e perda do dereito ao cobramento*

1. O pagamento da axuda efectuarase de forma nominativa a favor das entidades beneficiarias.

2. Poderanse realizar pagamentos anticipados por petición da entidade beneficiaria, con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes ás subvencións recollidas nesta orde, nas porcentaxes que se establezan en cada convocatoria.

3. Para realizar estes pagamentos anticipados, as entidades beneficiarias quedan eximidas da obriga de constituír garantías, conforme o disposto no artigo 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. O órgano xestor proporá o pagamento anticipado sobre a subvención concedida para a primeira anualidade, unha vez que se comprobe que constan de alta na Seguridade Social as persoas con discapacidade alumnas-traballadoras e as persoas de apoio e acompañamento, e sempre que o centro especial de emprego remitise o anexo III coa documentación indicada no artigo 21:

Para as sucesivas anualidades, o anticipo realizarase logo de comprobar que foi presentada a documentación xustificativa da anualidade anterior dentro dos prazos sinalados na convocatoria.



5. Se en cada anualidade resulta xustificada unha contía inferior á da subvención inicialmente concedida, o pagamento final desa anualidade realizarase en función da contía da subvención efectivamente xustificada e declararase a perda do dereito ao cobramento das contías non xustificadas.

6. Coa xustificación da última anualidade liquidarase o expediente e, se é o caso, procederá o reintegro das cantidades cobradas indebidamente, que o CEE poderá ingresar de maneira voluntaria segundo o previsto no artigo 31.

7. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro.

#### Artigo 29. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Son obrigas xerais das entidades beneficiarias das axudas e subvencións contidas nesta orde as seguintes:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade do financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea-NextGenerationEU e do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

De acordo con esta obriga, o centro especial de emprego deberá anunciar que está sendo subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, o SEPE e a Unión Europea-NextGenerationEU no seu domicilio social e nos seus centros de traballo. Para isto, incorporarán un cartel informativo dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible durante o período mínimo dun ano desde o pagamento da subvención. O cartel debe incluír o nome do centro especial de emprego, a expresión «centro especial de emprego» e o logotipo da Xunta de Galicia, o do SEPE e o do Ministerio de Traballo, e Economía Social, e o do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o da Unión Europea-NextGenerationEU.

Os formatos que se deben utilizar serán proporcionados pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social na páxina web da Consellería Promoción do Emprego e Igualdade, na ligazón <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego>

Igualmente, para cumprir esta obriga, o centro especial de emprego beneficiario deberá informar as persoas traballadoras respecto da subvención do seu contrato, no modelo do anexo VI desta orde.



Ademáis, a percepción dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia está condicionada a que os perceptores finais se comprometan por escrito a conceder os dereitos e os accesos necesarios para garantir que a Comisión, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias.

i) Ter levado a cabo a organización preventiva, a auditoría, se procede, e o plan de prevención, de acordo co previsto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e na normativa regulamentaria de desenvolvemento.

j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) Someter a auditoría as contas anuais correspondentes ao exercicio en que reciban subvencións ou axudas públicas por un importe total acumulado superior a 600.000 euros, e a aqueles exercicios en que se realicen operacións ou se executen investimentos correspondentes ás ditas subvencións ou axudas.

l) Agás aquelas entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar a cabo unha contabilidade, as entidades beneficiarias teñen a obriga de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable axeitado para os gastos obxecto da subvención.

m) Estar ao día no cumprimento das obrigas rexistras, previstas no Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, en especial, cumprir coas obrigas de comunicación previstas no seu artigo 7 e coa obriga de presentar a memoria anual ante a Subdirección Xeral de Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, co contido e no prazo establecidos no seu artigo 8.

2. Respecto das axudas relativas á persoa de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade, é obriga do CEE manter os postos de traballo obxecto da subvención durante todo o período subvencionable. De se produciren vacantes, deberán ser cubertas no prazo dun mes desde a data da baixa, feito que deberá ser comunicado pola entidade beneficiaria á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no mesmo prazo.





3. Respecto das axudas para a actividade formativa, serán obrigas do CEE:

a) As establecidas no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación dual.

b) A formación das persoas alumnas, aprendices do Programa de formación dual nos aspectos teóricos e prácticos das actividades profesionais ou oficios obxecto do programa, de acordo co plan de formación presentado.

c) Contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes, de acordo co establecido no artigo 6 do Real decreto 694/2017 e nas condicións sinaladas no artigo 42, co fin de protexer as persoas participantes ante calquera risco derivado da realización da acción formativa desde o inicio ata a finalización do contrato para a formación en alternancia.

d) Ter na sede da entidade e á disposición da Administración a información de cada alumno/a-traballador/a, na cal teñen que constar as horas de formación, a data de alta e a de baixa e, en calquera caso, a conformidade ou a sinatura do/da alumno/a ou da persoa que a represente.

#### Artigo 30. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das subvencións establecidas nesta orde, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión, de acordo co procedemento e coas causas establecidas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comporta a obriga de devolver as cantidades percibidas.

2. De conformidade co artigo 14.1, letra n), da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación:

a) A obtención da subvención falseando os datos, feitos ou documentación, así como as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen: reintegro do 100 % da subvención concedida.



b) O incumprimento da finalidade, requisitos e condicións exixidos á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100 % da subvención concedida.

c) O incumprimento da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a obtención concorrente doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, públicos ou privados, que financien as actividades subvencionadas, cando estas resulten compatibles: reintegro do 5 % da axuda concedida.

d) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación previstas no artigo 29.1.c) desta orde, o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, previstas nas letras f) e g) do artigo 29.1, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos; o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado: reintegro do 100 % da subvención concedida.

e) O incumprimento da obriga en materia de publicidade do financiamento público, mediante a colocación do rótulo visible ao público, conforme o previsto no artigo 29.1.h): reintegro do 2 % da subvención concedida.

Non obstante, no suposto de resultar aínda posible o cumprimento desta obriga, o órgano xestor deberá requirir a entidade beneficiaria para que nun prazo non superior a 15 días, emende o incumprimento, con expresa advertencia de que, de non facelo, se iniciará o expediente declarativo da procedencia do reintegro.

f) O incumprimento de estar ao día no cumprimento das obrigas rexistras, previstas no Decreto 200/2005, sinalado na letra m) do artigo 29.1: reintegro do 100 %.

g) O despedimento improcedente das persoas alumnas-traballadoras no transcurso do contrato subvencionado: reintegro do 100 % da subvención concedida ao custo salarial pola persoa que foi obxecto do despedimento.

h) O incumprimento da obriga establecida no artigo 29.2, se non se substitúe o persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade no prazo dun mes: reintegro da parte proporcional.



i) O incumprimento de non manter vixente a póliza de accidentes e de responsabilidade civil durante todo o período subvencionable ou de non dar cobertura a todas as persoas contratadas para a formación en alternancia obxecto desta subvención: reintegro da parte proporcional correspondente á axuda para a actividade formativa.

j) O incumprimento de ter na sede da entidade beneficiaria e á disposición da Administración a información de cada alumno/a-traballador/a reintegro do 5 % da axuda para a actividade formativa.

3. A entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso de financiamento, público ou privado, respecto do custo total da actividade subvencionada.

Cando se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade, e estas fosen compatibles entre si, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, e xuntará as cartas de pagamento coa correspondente xustificación. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas.

No caso de que as subvencións percibidas fosen incompatibles, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o 100 % da axuda concedida.

4. O procedemento de reintegro tramitarase conforme o previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As obrigas de reintegro establecidas neste artigo enténdense sen prexuízo da posible cualificación dos feitos como infracción administrativa e incoación do expediente sancionador, de acordo cos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

#### Artigo 31. *Devolución voluntaria da subvención*

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta bancaria ES82 2080 0300 8731 1006 3172.



2. A entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e denominación da subvención concedida.

3. A devolución voluntaria non exclúe a reclamación dos xuros de demora cando se considere procedente o reintegro da subvención.

### Artigo 32. *Incompatibilidades*

1. O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

2. Esta subvención é incompatible coas axudas de fomento do emprego, particularmente as axudas para o fomento da integración laboral de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (procedementos TR341E, TR341K, TR341M e TR341N) concedidas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para as mesmas persoas e durante o mesmo período subvencionable.

3. As subvencións son compatibles cos beneficios fiscais e bonificacións da Seguridade Social previstos nos programas estatais de fomento do emprego e para os contratos de formación en alternancia.

### Artigo 33. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento do programa.

2. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e nas demais normas vixentes que resulten de aplicación.

A Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social fará as comprobacións documentais necesarias para comprobar o correcto desenvolvemento das actividades subvencionadas. Neste senso, poderá consultar os informes de vida laboral emitidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e obter da Dirección Xeral de Forma-



ción para o Emprego e Orientación os informes que procedan respecto do seguimento da actividade formativa.

A Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social actuará de xeito coordinado coa Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación para realizar as visitas *in situ* que se consideren necesarias para comprobar o funcionamento dos proxectos de formación dual subvencionados ao abeiro desta orde.

3. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para os diferentes tipos de axudas previstas nesta orde.

#### Artigo 34. *Adecuación á normativa de axudas do Estado*

As axudas desta convocatoria están suxeitas ao Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo cal se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado, sempre que non se superen os limiares fixados no artigo 31 respecto das axudas á formación, no artigo 33 respecto ás subvencións salariais para contratar persoas traballadoras con discapacidade e no artigo 34 respecto das axudas ao persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.

## CAPÍTULO II

### Proxectos de formación dual

#### Artigo 35. *Requisitos dos proxectos de formación dual*

Os proxectos presentaranse segundo o modelo indicado na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na ligazón <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego>, e deberán conter a seguinte información (que deberá ser acorde coa solicitude de inicio da actividade formativa):

1. Datos do cadro de persoal do CEE: número total de persoas traballadoras, número de persoas con discapacidade desagregado por sexo, número de persoas traballadoras coa discapacidade definida no artigo 5.e) desta orde e número de persoas con contrato indefinido.



2. Participantes en cada proxecto: o número máximo de persoas subvencionables por proxecto a cargo do titor ou titora do centro especial de emprego será de 10 alumnos/as-traballadores/as e o número mínimo de participantes será de 6.

3. Breve exposición do proxecto: colectivo albo, obxectivos que se pretenden conseguir, motivación da elección do certificado de profesionalidade que se pretende acadar, recursos de que se vai dispoñer e sistema de avaliación dos resultados.

4. Itinerarios individualizados: os proxectos indispensablemente teñen que recoller a metodoloxía de realización dos itinerarios individualizados para cada persoa alumno/a-traballador/a, nos cales motiven adecuadamente as adaptacións da formación ata un máximo de tres anos, atendendo ás características persoais das persoas para contratar e do tipo de discapacidade a que atenda o proxecto, así como da especialidade formativa que se vai impartir.

5. Programación da actividade formativa. Os proxectos constarán dun calendario, coa programación de xornadas e horarios da actividade laboral e da actividade formativa. A programación deberá conter indicación detallada:

a) Das actividades dirixidas a obter os certificados de profesionalidade que, necesariamente, estarán relacionados co oficio ou posto de traballo previsto no contrato laboral.

b) Das actividades complementarias, con indicación de todos os contidos das especialidades formativas que se programen.

c) Das especialidades formativas dirixidas a obter carnés profesionais, cando sexan requisitos necesarios para o emprego no oficio ou posto de traballo previsto no contrato laboral.

6. Impartición da formación: sinalarase o lugar onde se vai impartir a formación presencial, así como os medios de desprazamento, se fosen necesarios, e identificarase a persoa que exercerá a titoría por parte da empresa e por parte do centro formativo, no caso de que non coincidisen.

No caso de que se subcontrate a formación teranse que engadir os datos identificativos do centro de formación: NIF, razón social, representante legal e enderezo de impartición da acción formativa.



7. Descrición das accións concretas que se van realizar para conseguir a inserción laboral posterior, con indicación expresa das empresas interesadas coas cales se subscriben acordos, se as houber.

8. Persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade: sinalarase a titulación e/ou experiencia da persoa que exercerá as funcións de apoio.

Indicará a porcentaxe da xornada do persoal de apoio durante a cal permanecerán acompañando no posto de traballo as persoas con discapacidade que forman parte dos proxectos de formación dual.

Deberanse expresar con claridade as funcións que van desenvolver, os recursos de que van dispoñer, as fases de implantación e o sistema de avaliación dos resultados respecto dos obxectivos perseguidos.

9. Capacidade técnica ou experiencia desenvolvida polo CEE: deberá acreditarse a experiencia do centro especial de emprego na contratación de persoas co perfil do colectivo albo do proxecto nos últimos 5 anos mediante unha relación das persoas contratadas, especificación da duración dos seus contratos. Tamén deberá acreditarse a experiencia previa nos últimos 6 anos na implementación dun programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual.

10. Actuacións previstas polo CEE para a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral.

11. Seguro de accidentes e de responsabilidade civil: o centro especial de emprego debe comprometerse a subscribir un seguro de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado para todas as actividades recollidas no programa de formación dual, nas condicións indicadas no artigo 43 desta orde. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade queda exonerada de calquera responsabilidade respecto diso. Indicarase o compromiso de subscribir a póliza de seguros para todas as persoas con discapacidade coas cales se subscriba un contrato para a formación en alternancia.

#### Artigo 36. *Contratos para a formación en alternancia*

1. O programa de formación dual materialízase mediante contratos para a formación en alternancia coas persoas con discapacidade que cumpran as condicións sinaladas no artigo 7.



2. As contratacións para a formación en alternancia teñen que cumprir os requisitos que establece o artigo 11.2 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

3. Por tratarse de persoas con discapacidade intelectual:

a) A duración dos contratos ten que ser de 3 anos (agás no caso das contratacións para substituír as vacantes, conforme o estipulado no artigo 41.2).

b) O tempo de traballo efectivo será do 50 % da xornada e o 50 % restante será dedicado ás actividades formativas.

c) Ata un 25 % do tempo de traballo efectivo poderá dedicarse a realizar procedementos de rehabilitación ou de axuste persoal e social.

d) Non é de aplicación o límite de idade de 25 anos que teñen os contratos para a formación en alternancia.

4. As contratacións non poden supoñer, en ningún caso, a substitución de persoas traballadoras integrantes do persoal do centro especial de emprego.

5. Exclúense destas axudas os contratos para a formación en alternancia que, de acordo co artigo 6.1 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, se encontren nalgún dos supostos seguintes:

a) Os contratos subscritos coa persoa cónxuxe, cos ascendentes, cos descendentes e con outras persoas familiares por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, da persoa empresaria ou da que exerza cargos de dirección, ou sexa membro dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, como tamén os que se efectúen con estes, excepto cando se trate dunha persoa traballadora autónoma que contrate por conta allea fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven con ela coma se non, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas que contrate unha única familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

b) Os supostos de contratos de persoas traballadoras que fosen obxecto de cesión entre empresas dun mesmo grupo.





**Artigo 37. *Actividade formativa***

1. A oferta formativa deberá ser suficiente para expedir un certificado de profesionalidade ou unha acreditación parcial acumulable, sen prexuízo de que ao contido mínimo mencionado poidan engadirse os módulos formativos correspondentes ás unidades de competencia doutros certificados de profesionalidade.

O contido da actividade formativa estará relacionado coa actividade laboral desempeñada no posto de traballo que ocupe a persoa traballadora que se contrate na modalidade para a formación en alternancia.

2. As ofertas formativas estarán adaptadas ás necesidades específicas das persoas con discapacidade segundo o Real decreto 62/2022, do 25 de xaneiro, de flexibilización dos requisitos exixibles para impartir ofertas de formación profesional conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, así como da oferta de formación profesional en centros do sistema educativo e de formación profesional para o emprego.

3. As persoas traballadoras cun contrato para a formación en alternancia están exentas totalmente de realizar o módulo de formación práctica inherente aos certificados de profesionalidade, tal como recolle o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo cal se regulan os certificados de profesionalidade no artigo 5.bis.

Para os efectos da programación, as horas destes módulos débense incorporar ao traballo efectivo.

4. O inicio da actividade formativa deberáselle solicitar ao órgano competente en materia de orientación e promoción laboral da provincia onde teña o centro de traballo o CEE solicitante, e realizarase a través da aplicación dispoñible na seguinte páxina web:

<https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/formacion-emprego/aprendizaxe>

**Artigo 38. *Formación complementaria***

1. Considérase formación complementaria aquela que non se refire ao Catálogo nacional das cualificacións profesionais, pero que se considera necesaria para dar resposta ás necesidades das persoas traballadoras ou das empresas.

2. Esta formación deberá corresponderse cunha ou varias especialidades formativas incluídas no ficheiro de especialidades formativas reguladas no artigo 20.3 da Lei 30/2015,



do 9 de setembro, que regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e deberán ter coherencia con respecto aos empregos obxecto do proxecto.

#### Artigo 39. *Carnés profesionais*

A formación que se imparta debe estar comprendida no Catálogo de especialidades formativas, de acordo coa información dispoñible na páxina [https://economia.xunta.gal/recursos/rexistros?content=registro\\_00008.html](https://economia.xunta.gal/recursos/rexistros?content=registro_00008.html)

Neste caso, as entidades deberán cumprir as condicións necesarias para facilitarlles aos alumnos e alumnas a obtención dos carnés ou habilitacións profesionais.

#### Artigo 40. *Impartición da formación*

1. A formación asociada ao contrato de formación en alternancia vinculada a certificados de profesionalidade que se subvenciona tense que impartir obrigatoriamente de maneira presencial.

2. A entidade beneficiaria poderá impartir directamente a especialidade formativa cando estea autorizada pola autoridade laboral e debidamente acreditada no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Xunta de Galicia.

Igualmente, a entidade pode subcontratar a impartición da formación cunha entidade debidamente acreditada na especialidade no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Xunta de Galicia.

3. En calquera caso, o centro que imparta a formación terá que estar inscrito e/ou acreditado o día da presentación da solicitude das axudas reguladas nesta orde.

#### Artigo 41. *Participantes nos proxectos de formación dual*

1. As entidades teñen que garantir durante o proceso de selección unha presenza equilibrada entre homes e mulleres. En caso de non cumprir esta obriga, tense que motivar xunto coa presentación dos contratos.

2. No suposto de baixa voluntaria ou de despedimento por causas obxectivas de alumnos/as-traballadores/as, deberanse substituír por outra persoa, sempre que poida obter con aproveitamento algún módulo formativo. A substitución farase no prazo máximo de 1 mes. Cando non proceda a substitución, deberase motivar esta circunstancia.



En calquera caso, deberá comunicárselle ao órgano xestor das axudas, no prazo dun mes desde que se produza a baixa, o nome da persoa substituta ou a motivación de que non procede a substitución.

#### Artigo 42. *Acreditación da formación*

1. A cualificación ou a competencia profesional adquirida ten que ser obxecto de acreditación nos termos previstos na Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral; no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo cal se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, e outra normativa de aplicación.

2. A formación complementaria tamén pode ser obxecto de recoñecemento. Polo tanto, entregaráselle ao/á alumno/a que finalice a acción formativa un certificado de asistencia e ao/á alumno/a que supere a formación con avaliación positiva, un diploma oficial.

#### Artigo 43. *Seguro de accidentes e responsabilidade civil*

1. O seguro cubrirá os danos que na execución do proxecto se poidan causar a terceiras persoas. A póliza de seguro ten que cubrir o período de formación teórico-práctico, así como os desprazamentos dos participantes ao lugar de impartición das clases e a outras empresas ou establecementos que se organicen en apoio da execución das accións formativas. Esta póliza incluírá tamén a responsabilidade civil diante de terceiros, de maneira que cubra os danos que pola execución da formación poidan producir os participantes.

2. A póliza contratada indicará con exactitude a data de inicio e de finalización da acción formativa, o número de alumnos/as participantes asegurados/as e as coberturas, sexa por accidentes do alumnado ou sexa por danos provocados por el. As coberturas deben incluír morte, invalidez de calquera grao e secuelas, valoradas segundo o baremo establecido pola Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de tráfico. A asistencia sanitaria por accidente do alumnado terá unha cobertura equivalente á do seguro escolar obrigatorio. A cobertura por danos materiais provocados polo alumnado será ata 300.000,00 €.

3. Este seguro é independente do que subscribise a entidade beneficiaria por responsabilidade civil con carácter xeral.



## CAPÍTULO III

**Convocatoria plurianual do Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos CEE 2023-2026 (código de procedemento TR341X)**Artigo 44. *Convocatoria*

Convócanse para os anos 2023, 2024, 2025 e 2026, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para realizar o Programa de formación dual en centros especiais de emprego reguladas por esta orde.

Artigo 45. *Orzamento*

1. O crédito asignado inicialmente a esta convocatoria é de 6.000.000,00 euros con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, distribuídos nas seguintes anualidades e aplicacións orzamentarias do código de proxecto 2023 00108:

Anualidade	Aplicación orzamentaria 11.30.324C.470.6	Aplicación orzamentaria 11.30.324C.481.6	Orzamento da convocatoria 2023-2026
2023	170.000 €	30.000 €	200.000 €
2024	1.318.200 €	182.000 €	1.500.200 €
2025	1.800.000 €	255.600 €	2.055.600 €
2026	1.973.800 €	270.400 €	2.244.200 €
Total	5.262.000 €	738.000 €	6.000.000 €

2. A dita distribución poderá alterarse logo das modificacións orzamentarias precisas, en función da tipoloxía de entidades que vaian realizar os proxectos de formación dual.

3. Esta orde queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios dos anos 2024, 2025 e 2026.

4. De conformidade co artigo 4 destas bases reguladoras, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, poderase aumentar o importe desta convocatoria.

Artigo 46. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguin-



te e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

#### Artigo 47. *Período subvencionable*

1. O inicio da actividade será o 1 de outubro de 2023, agás no caso en que os prazos desde que se publique a convocatoria imposibiliten resolver a autorización da actividade formativa nesa data, caso en que se ditará resolución da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social en que se indique a data de comezo da actividade.

Previamente ao inicio da actividade, deberán formalizarse os contratos para a formación en alternancia.

2. A data máxima de finalización das actividades subvencionables será o 30 de setembro de 2026 ou tres anos despois da data en que se iniciou a actividade formativa.

3. En ningún caso se subvencionarán os gastos de formación de accións formativas iniciadas antes de que se dite a resolución de concesión da subvención correspondente.

#### Artigo 48. *Prazos de xustificación*

As entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o investimento conforme a resolución de concesión e presentar a documentación xustificativa da axuda conforme o indicado no artigos 26 e 27, nos seguintes prazos máximos, ou nos que se indiquen na resolución de concesión, de ser o caso:

– Anualidade 2023 (que comprende desde a data de inicio da actividade formativa ata o 31 de decembro de 2023): o 10 de febreiro de 2024.

– Anualidade 2024 (que comprende desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de setembro de 2024): o 10 de novembro de 2024.

– Anualidade 2025 (que comprende desde o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025): o 10 de novembro de 2025.

– Anualidade 2026 (que comprende desde o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026 ou ata o día anterior a que se fagan 3 anos desde o inicio da actividade formativa): o 10 de novembro de 2026.



**Artigo 49. *Pagamentos anticipados***

Poderán realizarse pagamentos anticipados da axuda concedida en cada anualidade logo de solicitude por parte do CEE, nas seguintes porcentaxes:

- Anualidade 2023: 100 %.
- Anualidades 2024, 2025 e 2026: 80 %.

**Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias***

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas entidades beneficiarias.

**Disposición adicional segunda. *Publicación na Base de datos nacional de subvencións***

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS daralle traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde***

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2023

Elena Rivo López  
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE**
**ANEXO I**

<b>PROCEDEMENTO</b> PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (CEE)		<b>CÓDIGO DE PROCEDEMENTO</b> <b>TR341X</b>	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE
---	--	--	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
TIPO <input type="text"/>	NOME DA VÍA <input type="text"/>	NÚM. <input type="text"/>	BLOQ. <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>		LUGAR <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO 1 <input type="text"/>	TELÉFONO 2 <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
ACTIVIDADE ECONÓMICA (descripción) <input type="text"/>		CNAE <input type="text"/>	
FORMA XURÍDICA <input type="text"/>	Nº REGISTRO COMO CEE <input type="text"/>	Nº INSCRIPCIÓN NA S.S. <input type="text"/>	
CONVENIO COLECTIVO (denominación e data de publicación) <input type="text"/>			

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>	PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas serán realizadas só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - <a href="https://notifica.xunta.gal">Notifica.gal</a> ( <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> ). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviáranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de <a href="https://notifica.gal">Notifica.gal</a> :	
TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA <input type="text"/>	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>



DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO			
Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN	Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS SEN DISCAPACIDADE	PERSONAL DE SERVIZOS DE AXUSTE PERSONAL E SOCIAL SEN DISCAPACIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATOS DO CENTRO DE TRABALLO			
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PERSONA/S RESPONSABLE/S DO/S PROXECTO/S			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROXECTO/S DE FORMACIÓN DUAL QUE SE SOLICITA/N			
<input type="checkbox"/> PROXECTO (1)			
Nº participantes	Certificación de profesionalidade que obterán as persoas participantes (DENOMINACIÓN)		CÓDIGO
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> PROXECTO (2)			
Nº participantes	Certificación de profesionalidade que obterán as persoas participantes (DENOMINACIÓN)		CÓDIGO
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>






**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE**
**ANEXO I  
(continuación)**
**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Non estar incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 32 da orde de convocatoria.
5. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Que cumpre coa porcentaxe mínima do 70% de persoas con discapacidade contratadas respecto do total do cadro de persoal.
7. Non estar excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46.bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
8. Que, no caso de carecer de personalidade xurídica propia, dispón dunha xestión diferenciada da súa entidade titular, para o cal teñen unha contabilidade separada da dita entidade e unha conta de cotización da Seguridade Social propia do CEE.
9. Estar ao día nas obrigas rexistrais, segundo o establecido no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.
10. Que as persoas traballadoras con discapacidade a que se dirixe esta orde non ocupan postos que quedasen vacantes como consecuencia de despedimentos declarados ou recoñecidos improcedentes.
11. Que as condicións do posto de traballo de cada unha das persoas con discapacidade, destinatarias finais da subvención, deben adaptarse ás condicións individuais de cada persoa, de xeito que esta poda desenvolver as tarefas básicas do seu posto de traballo, sen menoscabo das súas capacidades.
12. Que as persoas destinatarias finais desta subvención non serán usuarias dunha praza pública de servizo ocupacional a xornada completa.
13. Que se cumpre con todas as condicións previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión do 17.6.2014, tal e como se recolle no artigo 34 da orde de convocatoria.
- Autorízase a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para difundir as accións desenvolvidas no proxecto de creación e ampliación do CEE e para publicar as memorias, estudos e outros traballos derivados das accións desenvolvidas nos proxectos.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/>	Certificación de todo o cadro de persoal do centro especial de emprego segundo o modelo do anexo II, ordenada alfabeticamente por apelidos, referida ao mes en que se solicita a subvención.
<input type="checkbox"/>	Proxecto de formación dual de acordo co modelo que consta na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ligazón ( <a href="https://empregoigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego">https://empregoigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego</a> ) conforme os contidos establecidos no artigo 35.
<input type="checkbox"/>	Curriculum e documentos que acrediten a experiencia do persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade, de ser o caso.
<input type="checkbox"/>	Anexo IV: autorización para a comprobación de datos asinados das persoas traballadoras obxecto de subvención, de ser o caso.
<input type="checkbox"/>	Certificación de discapacidade, no caso de que non estea expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
<input type="checkbox"/>	Acordos con empresas privadas do sector que mostren interese na execución do proxecto, de ser o caso.
<input type="checkbox"/>	Anexo VII de declaración responsable sobre o cumprimento do principio de non prexuízo significativo aos seis obxectivos ambientais (DNSH) no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852.
<b>No caso de que se subcontrate a formación con empresas externas:</b>	
<input type="checkbox"/>	Contrato ou convenio de colaboración conforme o artigo 24.2, ou, de ser o caso, preacordo ou documento <i>pro forma</i> , cos ditos contidos.
<input type="checkbox"/>	Se a contratación é con empresas vinculadas, xustificación de que a contratación se produciu segundo as condicións normais de mercado.
	<b>ÓRGANO</b>
	<b>CÓD. PROC.</b>
	<b>ANO</b>
<input type="checkbox"/>	Poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade.

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Informe de contas de cotización asociadas ao NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
<b>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.</b>	
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Aencia Estatal Tributaria da persoa solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE**
**ANEXO I  
(continuación)**
**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> )
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 20 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para realizar o Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se efectúa a súa convocatoria plurianual (2023 a 2026) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento TR341X).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

CVE-DOG: saplgsx6-bjc0-yhn6-3dr5-ixvuox8yggz0


**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

TR341X PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Folla nº  de

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**CENTRO DE TRABALLO**

ENDEREZO  CONCELLO  PROVINCIA  TELÉFONO


**RELACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CENTRO NA DATA DA SOLICITUDE**

APELIDOS	NOME	PERSOAS TRABALLADORAS SEN DISCAPACIDADE (1)		PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE							
		SERVIZOS DE AXUSTE PERSOAL E SOCIAL	OUTROS	DISCAPACIDADE		DNI	SEXO	DATA DE NACEMENTO	TIPO DE CONTRATO (3)	ALTA NA S.S	XORNADA % (4)
				TIPO (2)	GRAO						
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>								

(1) Indíquese cun X o que proceda. No caso de "outros" non se cubrirá a columna de DNI  
 (2) Tipo de discapacidade: (I) intelectual, (EM) enfermidade mental (F) física, (S) sensorial (ER) enfermidades raras  
 (3) Tipo de contrato: I=indefinido; T=temporal  
 (4) Indíquese a porcentaxe de xornada

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data  ,  de  de



**DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS CEE BENEFICIARIOS DAS AXUDAS**  
TR341X PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Nº EXPEDIENTE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO ANTICIPADO DO GASTO**Conforme o artigo 49 da Orde que regula o Programa de formación dual en CEE, solicítase o pagamento anticipado da axuda concedida para a anualidade 2023  SI  NON**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA** segundo o disposto no artigo 21 das bases reguladoras

- Copia da póliza do seguro de accidentes e de responsabilidade civil subscrita coas condicións indicadas no artigo 43 desta orde que cubra a todas as persoas alumnas-traballadoras durante todo o período subvencionable.
- Contrato ou convenio subscrito coa entidade que impartirá a actividade formativa asociada ao contrato de formación en alternancia, segundo o indicado no artigo 24 destas bases reguladoras, no caso de subcontratación da actividade formativa, cando non se presentase coa solicitude.
- Certificación de discapacidade da persoa con contrato de formación en alternancia, no caso de que non estea expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Currículum e documentos que acrediten a experiencia do persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade.
- Anexo IV: autorización para a comprobación de datos das persoas traballadoras obxecto de subvención, no caso de que non se presentase con anterioridade.
- Motivación da ausencia de equilibrio nas contratacións entre homes e mulleres, de ser o caso.
- Renuncia da persoa alumna-traballadora á praza no centro ocupacional da Consellería de Política Social e Xuventude que teña asignada a xornada completa.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



ANEXO IV

**AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS OBXETO DE SUBVENCIÓN**  
TR341X PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran que foron informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade o presente documento deberá asinalo un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TUTOR/A O REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS		SIGNATURA
			NOME E APELIDOS	NIF	Os seguintes documentos das persoas interesadas serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			DNI ou NIE Consulta da vida laboral Certificado de discapacidade Consulta dos contratos de traballo Inscripción no Servizo Público de Emprego	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			DNI ou NIE Consulta da vida laboral Certificado de discapacidade Consulta dos contratos de traballo Inscripción no Servizo Público de Emprego	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			DNI ou NIE Consulta da vida laboral Certificado de discapacidade Consulta dos contratos de traballo Inscripción no Servizo Público de Emprego	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberán cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

Lugar e data  ,  de  de




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO V

**XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA**

TR341X PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Nº EXPEDIENTE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**SOLICITUDE/EXPEDIENTE RELACIONADO**

Nº REGISTRO

EXPEDIENTE

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

- Que non ten concedida nin solicitou ningunha outra axuda para a mesma finalidade  
 Ter concedidas ou solicitadas outras axudas para a mesma finalidade:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE FORMACIÓN DUAL, que o CEE se compromete a continuar coas actuacións do proxecto de formación dual durante a seguinte anualidade nas mesmas condicións que na resolución inicial, e tendo en conta as variacións indicadas neste documento.

**ANUALIDADE QUE SE XUSTIFICA (período que comprende cada anualidade)**

- 2023 (1.10.2023-31.12.2023)  
  2024 (1.1.2024-30.9.2024)  
  2025 (1.10.2024-30.9.2025)  
  2026 (1.10.2025-30.9.2026 ou ata o día anterior a que se fagan 3 anos desde o inicio da actividade formativa)

GASTOS SUBVENCIONABLES (durante a anualidade que se xustifica)	INVESTIMENTO EXECUTADO	IMPORTE CONCEDIDO	PAGAMENTO SOLICITADO (1)
CUSTOS DE FORMACIÓN			
CUSTO SALARIAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL			
CUSTO SALARIAL DO PERSOAL DE APOIO E ACOMPAÑAMENTO			
<b>TOTAL PROXECTO DE FORMACIÓN DUAL</b>			



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE****ANEXO V  
(continuación)**

(1) NO CASO DE QUE O IMPORTE DO PAGAMENTO SOLICITADO SEXA INFERIOR AO CONCEDIDO, INDÍQUESE CAL É O MOTIVO MARCANDO UN DOS 3 NÚMEROS SEGUINTE:

1. Artigo 22.5 das bases reguladoras (indíquese a causa marcando un aspa):

- Por aprobar o Consello de Ministros un incremento inferior ao SMI estimado no artigo 9.3
- Por diminución do número de contratos para a formación e a aprendizaxe e non proceder a substitución
- Por producirse a baixa da persoa de apoio
- Por incrementarse as porcentaxes que financia o Estado respecto da actividade formativa

2. Artigo 22.2 das bases reguladoras: concorrencia de circunstancias novas e imprevisibles que xustifiquen a alteración das condicións de execución da actividade subvencionada (razóese brevemente a concorrencia de circunstancias nova e imprevisibles)

3. Outros motivos (explícalos brevemente)

(2) NO CASO DE QUE O IMPORTE DO PAGAMENTO SOLICITADO SEXA SUPERIOR AO CONCEDIDO, MÁRQUESE A/AS EPÍGRAFE/S QUE PROCEDA/N

- Artigo 22.3. Por aprobar o Consello de Ministros un incremento do SMI superior ao incremento estimado no artigo 9.3
- Artigo 22.4. Por minorarse as porcentaxes de financiamento da actividade formativa asumidas pola Administración do Estado conforme a Orde ESS/2518/2013

SOLICITA A MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN INICIAL  SI  NON

**SOLICITA O PAGAMENTO ANTICIPADO DO GASTO**

Conforme o artigo 49 da orde que regula o Programa de formación dual en CEE, solicítase o pagamento anticipado da axuda concedida na anualidade seguinte á que se xustifica  SI  NON

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Documentación xustificativa xeral:

- Documentación que xustifique a existencia dunha contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida e dunha contabilidade diferenciada da entidade titular, no caso de que o CEE non teña personalidade xurídica propia.
- Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas de difusión a que se refire o artigo 29.1.h) desta orde (colocación de cartel informativo).
- Anexo VI: información ás persoas traballadoras acerca da subvención do seu contrato.
- Anexo IV: autorización para a comprobación de datos asinada polas novas persoas contratadas, se é o caso.
- Relación nominal das persoas traballadoras incluídas na cotización á Seguridade Social (RNT), así como todas as variacións de datos á Seguridade Social e recibo de liquidación de cotizacións (RLC) das mensualidades a que se refire a anualidade que se xustifica.
- Ademais, unicamente na xustificación final, deberá achegarse unha breve memoria descritiva do proxecto realizado, con indicación das actividades levadas a cabo, dos resultados obtidos e das dificultades atopadas para a súa execución.





**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADEANEXO V  
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA** (continuación)

Documentación xustificativa específica da axuda ao custo salarial das persoas con discapacidade.

- No caso de existiren novas persoas contratadas respecto da última póliza presentada, deberá xuntar un anexo á póliza de seguros presentada no caso da contratación en que conste a cobertura das novas persoas traballadoras.
- Recibos de salarios e documentos de transferencia bancaria que xustifiquen o seu pagamento de todas as persoas con discapacidade obxecto de subvención.
- Certificación de discapacidade das novas contratacións para a formación e aprendizaxe, no caso de que non estea expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia

Documentación xustificativa específica da axuda ao persoal de apoio e acompañamento ás persoas con discapacidade:

- No caso de existiren novas persoas contratadas respecto da anualidade anterior, *curriculum* da nova persoa de apoio.
- Certificación asinada pola persoa responsable do centro especial de emprego, e do persoal de apoio, da imputación da súa xornada á realización de apoio e acompañamento das persoas con discapacidade.
- Recibos de salario e documentos de transferencia bancaria que xustifiquen o pagamento das mensualidades.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO VI

**INFORMACIÓN ÁS PERSOAS TRABALLADORAS ACERCA DA SUBVENCIÓN DO SEU CONTRATO**  
TR341X PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

EXPEDIENTE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**PERSOA TRABALLADORA**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**A persoa solicitante ou representante declara que informa a persoa traballadora:**

- De que o seu contrato laboral foi subvencionado, a través desta entidade, pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ao abeiro do Programa de axudas aos centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, convocados para o ano 2023.
- Que esta subvención está financiada a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

**A persoa traballadora declara:**

- Que recibiu a información do CEE de que a súa contratación foi obxecto dunha subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cuxa finalidade é capacitar persoas con discapacidade intelectual para mellorar a súa inserción profesional.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN:

(euros)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

SINATURA DA PERSOA TRABALLADORA

Lugar e data

,

de

de



Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social



**CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE**

ANEXO VII

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AOS SEIS OBXECTIVOS AMBIENTAIS (DNSH) NO SENTIDO DO ARTIGO 17 DO REGULAMENTO (UE) 2020/852**

TR341X - Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos CEE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF



**XUNTA  
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE****ANEXO VII  
(continuación)****A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

Que a entidade solicitante, tendo en conta todas as fases do ciclo de vida do proxecto ou actividade que deberá desenvolver, tanto durante a súa implantación como ao final da súa vida útil, cumprirá co principio DNSH de «non causar un prexuízo significativo» exixido polo Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, de forma que:

**NON CAUSA UN PREXUIZO SIGNIFICATIVO AOS SEIS OBXECTIVOS AMBIENTAIS** do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852\* que se enumeran a continuación:

Mitigación do cambio climático - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á mitigación do cambio climático se dá lugar a considerables emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).

Adaptación ao cambio climático - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á adaptación ao cambio climático se provoca un aumento dos efectos adversos das condicións climáticas actuais e das previstas no futuro, sobre si mesma ou nas persoas, a natureza ou os activos.

Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á utilización e protección sustentables dos recursos hídricos e mariños se vai en detrimento do bo estado ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e subterráneas, e do bo estado ecolóxico das augas mariñas.

Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos, se xera importantes ineficiencias no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais; se dá lugar a un aumento significativo da xeración de residuos, o tratamento mecánico-biolóxico, incineración ou depósito en vertedoiro de residuos; ou se a eliminación de residuos a longo prazo pode causar un prexuízo significativo e a longo prazo para o ambiente.

Prevención e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á prevención e o control da contaminación cando dá lugar a un aumento significativo das emisións de contaminantes á atmosfera, á auga ou ao solo.

Protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas - considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas cando vai en gran medida en detrimento das boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, ou vai en detrimento do estado de conservación dos hábitats e das especies, en particular daqueles de interese para a Unión.

\* Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

**A ENTIDADE NON DESENVOLVE ACTIVIDADES EXCLUÍDAS** segundo o indicado pola Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia.

As actividades excluídas son:

- Refinarias de petróleo.
- Centrais térmicas de carbón e extracción de combustibles fósiles.
- Xeración de electricidade e/ou calor utilizando combustibles fósiles e relacionados coa súa infraestrutura de transporte e distribución.
- Eliminación de refugallos (por exemplo, nucleares, que poidan causar danos a longo prazo ao ambiente).
- Investimentos en instalacións para a deposición de residuos en vertedoiro ou investimentos en plantas de tratamento biolóxico mecánico (MBT) que impliquen un aumento da súa capacidade ou da súa vida útil (salvo plantas de tratamento de residuos perigosos non reciclables).
- Actividades cubertas polo réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (segundo o anexo I da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro).

**A ENTIDADE NON PREVÉ EFECTOS DIRECTOS DO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOBRE O MEDIO NIN EFECTOS INDIRECTOS PRIMARIOS**, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizado o proxecto ou actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver as axudas percibidas e os xuros de demora correspondentes.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Plan de Recuperación,  
Transformación y ResilienciaFinanciado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU

Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

CVE-DOG: saplgsx6-bjc0-yhn6-3dr5-ixvuox8yggz0

**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>